

## 4.4. ■ ■ ■ **prestacións sanitarias e sociais**

■ A análise das prestacións sanitarias e sociais está dividida en cinco grandes apartados: indicadores de saúde; o Servicio Galego de Saúde (Sergas); transplantes e doazóns; prestacións farmacéuticas e, finalmente, prestacións sociais.

Respecto ó primeiro punto, os indicadores de saúde considerados son da morbilidade e a sinistralidade. No apartado dedicado ó Sergas, analizados os aspectos orzamentarios en apartados anteriores deste capítulo, coméntanse variables como o número de camas, actividade cirúrxica ou a lista de espera cirúrxica. En terceiro lugar preséntanse os datos referidos ós transplantes e ás doazóns ó longo do último ano. O estudio céntrase posteriormente nas prestacións farmacéuticas, analizando o custo tanto no caso da atención primaria como no caso da atención especializada. Finalmente, no que ás prestacións sociais se refire, preséntanse aspectos relacionados cos acollementos ou adopcións.

Un aspecto a salientar é a elaboración do Plan de Saúde de Galicia 2002-2005 e o Plan Oncolóxico 2002-2005 por parte da Consellería de Sanidade.

O punto de partida do capítulo pode se-la presentación dos presupostos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 2001 e 2002. Tal e como reflicte o **cadro 4.4.1.**, o presuposto ascendeu a 4.419,4 millóns de euros, un 6,5% máis que no ano anterior. A sanidade acolleu 2.263,6 millóns de euros, un 6,2% máis que no ano precedente, e a educación 1.595,2 millóns de euros, un 5,1% máis que no ano 2001.

### **Indicadores de saúde**

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, a Dirección Xeral de Tráfico, e o Sergas, basearase no estudio dos principais indicadores da mesma, como son a **morbilidade** e a **sinistralidade**.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 4.4.2.** No ano 2002 dedicáronse un total de 19.379,8 miles de euros, un 6,8% máis que o dedicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras

CADRO 4.4.1.

*Producción de bens públicos de carácter social 2001-02*

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	2.130.957	2.263.624	6,2
Educación	1.518.161	1.595.246	5,1
Vivenda e urbanismo	151.709	170.796	12,6
Benestar comunitario	111.776	135.518	21,2
Cultura	162.387	162.296	- 0,1
Outros servicios sociais e comunitarios	74.903	91.969	22,8
<b>Total</b>	<b>4.149.893</b>	<b>4.419.449</b>	<b>6,5</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.4.2.

*Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2001-02*

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	2.790,5	1.610,4	-42,3
Coordinación e formación da saúde pública	196,9	223,7	13,6
Progr. de actuacións preventivas e prevención da xordeira	630,0	480,8	-23,7
Actuación sobre factores psicosociais e hábitos de vida	-	-	-
Prevención de enfermidades transmisibles	1.056,5	559,1	-47,1
Detección precoz do cancro de mama	1.413,9	2.187,9	54,7
Prevención individualizada	222,6	2.517,7	1.031,2
Programa galego de vacinacións	7.669,1	6.641,9	-13,4
Sistemas de información de saúde pública	404,0	223,3	-44,7
Inspección e laboratorio saúde pública	1.039,1	1.316,6	26,7
Programas sanitarios	1.135,9	1.202,0	5,8
Control de riscos específicos	454,0	631,0	39,0
Control de riscos xerais	842,8	801,9	-4,8
Software programa EEB	-	638,3	-
Equipamento informático saúde pública	284,9	345,0	21,1
<b>Total</b>	<b>18.140,0</b>	<b>19.379,8</b>	<b>6,8</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

partidas as de vacinacións, con 6.641,9 miles de euros, e as de prevención individualizada e a detección precoz do cancro de mama, con 2.517,7 e 2.187,9 miles de euros, respectivamente.

• *Morbilidade*

O **cadro 4.4.3.** amosa os principais datos (datos anuais acumulados a 31 de novembro de cada ano) da enfermidades de declaración obrigatoria. Ó longo do ano 2002 notificáronse un total de 106.116 casos de **gripe** en Galicia, **cadro 4.4.3.**, o que supón unha taxa de 3.876,6 casos por cada 100.000 habitantes. No ano 2001, houbo en Galicia un total de 72.261 casos de gripe, que representa unha taxa por cada 100.000 habitantes de 2.644,1 casos.

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ó número de casos, con 12.950 casos, presentando unha incidencia de 473,1 caso por cada cen mil habitantes no perío-

do de tempo considerado. En 2001 declaráronse un total de 8.030 casos, 293,8 casos por cada cen mil habitantes.

No que a **sida** se refire, no primeiro semestre do ano 2002 notificáronse un total 13 casos de sida dos que 6 notificáronse na provincia de A Coruña, 4 en Ourense, dous en Pontevedra e un en Lugo. Tendo en conta os datos acumulados ata ese período de tempo, en Galicia notificáronse un total de 2.953 casos (o 4,6% do total estatal), dos que 78,1% corresponden a varóns.

A vía de transmisión máis frecuente segue a se-la de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (67,6%), o que se confirma tanto en homes como mulleres (69,5% e 60,8%, respectivamente).

O **cadro 4.4.4.** recolle unha agrupación das **altas en función da súa complexidade (GRD)**, que constitúe o sistema de medición da activida-

**CADRO 4.4.3.**
**Enfermedades de declaración obligatoria 2001-02 <sup>(1)</sup>**

	2001			2002		
	número de casos	taxa/100.000 hab.	IEAC (2)	número de casos	taxa/100.000 hab.	IEAC (2)
Gripe	72.261	2.644,1	0,42	106.116	3.876,6	0,59
Tuberculose respiratoria	885	32,4	0,73	960	35,1	0,81
Meninxite tuberculosa	10	0,4	0,59	12	0,4	0,67
Meninxites víricas	165	6,0	1,43	284	10,4	1,46
Enf. meningocócica	84	3,1	0,68	81	3,0	0,72
Enf. invasiva por Hib.	7	0,3	2,33	6	0,2	1,00
Varicela	8.030	293,8	0,83	12.950	473,1	1,26
Sarampelo	3	0,1	0,17	1	0,0	0,14
Rubéola	18	0,7	0,35	15	0,5	0,68
Parotidite	72	2,6	0,52	1.063	38,8	8,30
Tose ferina	-	-	-	8	0,3	0,42
Toxinfeccións aliment.	667	24,4	0,61	988	36,1	0,85
F. tifoidea e paratifoidea	17	0,6	0,41	23	0,8	0,72
Hepatite A	14	0,5	0,24	17	0,6	0,45
Hepatite B	67	2,5	0,83	55	2,0	0,61
Outras hepat. víricas	292	10,7	1,00	286	10,4	0,89
Brucelose	20	0,7	1,00	34	1,2	1,62
Sifilis	44	1,6	0,98	42	1,5	0,84
Infec. Gonocócica	145	5,3	0,30	122	4,5	0,25

(1) datos acumulados ata o 3-11-2001

(2) índice epidémico acumulado

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Boletín Epidemiolóxico de Galicia

**CADRO 4.4.4.**
**GRD <sup>(1)</sup> máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2001-02**

	2001		2002	
	Altas válidas	Estadía media	Altas válidas	Estadía media
Parto sen complicacións	9.251	3,40	9.181	3,30
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	6.195	11,92	7.866	11,30
Insuficiencia cardiaca e choque	3.899	9,37	4.244	9,19
Quimioterapia	2.764	2,90	3.317	3,20
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.175	7,04	3.256	6,75
Parto con complicacións	2.771	4,19	2.999	4,08
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	3.594	13,42	2.962	13,22
Cesárea sen complicacións	2.689	8,83	2.937	8,40
Enfermedade pulmonar obstructiva crónica	2.427	8,75	2.593	9,25
Substitución de cadeira excepto por complicacións	-	-	2.484	13,98
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.216	4,38	2.405	4,23
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.270	2,51	2.392	2,40
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.282	3,50	2.369	3,23
Psicose	1.949	23,44	2.153	21,17
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	1.906	3,93	2.148	3,59
Anxina de peito	1.820	7,14	2.083	7,46
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	-	-	1.979	2,96
Dilatación e legrado, conización exc. por neoplasia maligna	1.914	2,48	1.817	2,50
Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais	1.534	9,10	1.749	8,68
Bronquite e asma idade < 18 anos sen cc	-	-	1.667	4,76
Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección	3.390	14,62	-	-
Esofaxite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade < 18 sen cc.	2.112	3,48	-	-
Esofaxite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade > 17 sen cc.	2.525	6,70	-	-
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	1.887	2,03	-	-
Outros factores que inflúen no estado de saúde	1.576	2,25	-	-
Neonato peso ó nacer > 2499g., sen proc.cirúr.imp.con diag. de neonato	1.543	3,64	-	-
Insuficiencia cardiaca crónica e arritmia cardiaca con cc.maior	1.453	12,32	-	-
Procedementos otorrinolaringolóxicos misceláneos	1.433	2,53	-	-
<b>Total</b>	<b>68.575</b>	<b>-</b>	<b>62.601</b>	<b>-</b>

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

Fonte: Sergas

Accidentes de tráfico con vítimas mortais nas CC.AA. 2001-02

	Accidentes		Mortos	
	2001	2002	2001	2002
Andalucía	549	615	674	818
Aragón	142	154	174	223
Asturias	66	93	70	120
Baleares	102	100	118	125
Canarias	111	140	122	176
Cantabria	37	60	42	69
Castela-A Mancha	279	273	328	365
Castela e León	403	441	490	602
Cataluña	474	601	551	813
C. Valenciana	333	389	383	517
Extremadura	113	136	137	165
<b>Galicia</b>	<b>323</b>	<b>341</b>	<b>360</b>	<b>456</b>
Madrid	215	291	240	366
Murcia	114	119	150	158
Navarra	77	68	89	91
País Vasco	128	167	142	223
A Ríoxa	45	37	59	54
Ceuta e Melilla	-	6	-	6
<b>Total</b>	<b>3.511</b>	<b>4.031</b>	<b>4.129</b>	<b>5.347</b>

Fonte: Dirección General de Tráfico

de asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.181 e 7.866 episodios no ano 2002, respectivamente. As súas estadias medias foron de 3,30 e 11,30 días, fronte ós 3,40 e 11,92 días do ano anterior.

#### • Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.4.5.** amosa que no ano 2002 en Galicia prodúcese, ó igual que no conxunto do Estado, unha medra do número de accidentes con vítimas mortais. Este ascendeu en Galicia a 341 accidentes no ano 2002 (18 máis que no ano anterior), representando o 8,5% do número total de accidentes mortais en España (4.031 accidentes). No caso das persoas falecidas, o seu número aumenta no ano 2002 en 96 persoas respecto ó ano 2001, chegando ós 456 falecidos (o 8,5% do total de persoas falecidas en España).

En relación ós accidentes laborais, o **cadro C.2.10.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 2001-02: distribución segundo a gravidade e sectores económicos*) reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no ano 2002 un 2,6% respecto ó ano precedente para

situarse nos 47.594 accidentes (46.396 no ano 2001).

Por sectores, o 34,6% dos sinistros (16.461 accidentes) aconteceron no sector servizos; o 32,2% (15.336 accidentes), na industria; un 26,4%, no sector da construción (12.552); e o 6,8% restante (3.245), no sector primario.

Do total dos accidentes laborais con baixa rexistrados no ano 2002, o 97,9% corresponderon a accidentes leves (46.584 accidentes), e un 2,1% (1.010 accidentes) foron graves ou mortais.

## O Servicio Galego de Saúde

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Servicio Galego de Saúde (Sergas) en capítulos anteriores, neste apartado fázase referencia ós datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas e nos hospitais concertados, así como á actividade cirúrxica.

Como punto de partida cómpre salientar que a poboación protexida ascendeu a 2.647.746 persoas, dos que 299.836 teñen servizo de pediatría e 579.263 son persoas de máis de 64 anos (**cadro 4.4.6.**).

Os **cadros 4.4.7.** e **4.4.8.** amosan que os hospitais do Sergas, propios ou concertados, contaban no ano 2002 cun total de 9.802 camas insta-

**CADRO 4.4.6.**
**Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida segundo centro hospitalario**

	Total	Servicio de pediatría	Maiores de 64 anos
C.H. Universitario Juan Canalejo	473.499	51.248	94.484
F.P. Hospital Virxe da Xunqueira	43.880	5.179	9.527
C.H. Universitario de Santiago	354.960	40.986	75.264
F.P. Hospital da Barbanza	63.733	8.823	11.964
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos	193.365	18.962	44.704
C.H. Xeral-Calde	219.815	21.542	62.208
Hospital da Costa	70.492	7.031	17.726
Hospital Comarcal de Monforte	50.721	4.273	18.234
C.H. de Ourense	260.298	25.157	74.372
Hospital Comarcal de Valdeorras	37.217	4.027	10.568
F.P. Hospital de Verín	30.420	2.997	9.767
C.H. de Pontevedra	236.121	30.121	45.639
F.P. Hospital Comarcal do Salnés	70.591	9.886	12.311
C.H. Xeral-Cies	249.474	69.604	33.754
Hospital do Meixoeiro	160.388	-	34.627
Policlínico de Vigo, S.A. (Povisa)	132.772	-	24.114
<b>TOTAL</b>	<b>2.647.746</b>	<b>299.836</b>	<b>579.263</b>

Fonte: Sergas

**CADRO 4.4.7.**
**Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 2001-02**

Hospitais	2001		2002	
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.370	1.370	1.404	1.385
F.H. Virxe da Xunqueira	76	74	76	74
C.Universitario de Santiago	1.136	1.113	1.175	1.090
F.H. da Barbanza	84	84	84	84
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	442	374	437	369
C.H. Xeral-Calde	795	713	795	706
H.C. da Costa	127	126	129	119
H.C. de Monforte	139	139	137	134
C.H. Ourense	880	875	874	837
H.C. de Valdeorras	96	93	95	94
F.H. de Verín	80	80	80	80
C.H. Pontevedra	608	570	601	560
C.H. Xeral Cies	669	669	669	669
H. Meixoeiro+Medtec	422	415	420	398
F.H. Salnés (1)	80	80	80	72
Policlínico de Vigo, S.A. (Povisa)	-	-	498	377
H. Nicolás Peña	90	86	90	82
<b>Total</b>	<b>7.094</b>	<b>6.861</b>	<b>7.643</b>	<b>7.129</b>

(1) actividade progresiva desde outubro de 2000  
Fonte: Sergas

**CADRO 4.4.8.**
**Camas instaladas e funcionantes nos hospitais concertados do Sergas (1)**

	Camas instaladas	Camas funcionantes
Centro Oncolóxico de Galicia	50	50
Instituto Medico-Cirurxico San Rafael	120	120
Instituto Policlínico Santa Teresa S.A.	113	107
Sanatorio Cirúrxico Modelo S.A.	100	100
Hospital Xeral Juan Cardona	239	239
Instituto Policlínico A Rosaleda S.A.	74	74
Sanatorio N. Sra. da Esperanza	76	76
Policlínico Lucense S.A.	99	99
Sanatorio N. Sra. dos Ollos Grandes	49	49
Centro Médico El Carmen	49	49
COSAGA	58	58
Sanatorio Miguel Dominguez	104	104
Sanatorio Marescot S.L.	60	55
Sanatorio Santa María S.L.	70	70
Sanatorio Ntra. Sra. de la Merced	45	45
Centro Medico El Castro Vigo S.A.	49	49
Centro Médico Gallego S.A. (Clínica Fatima)	236	236
Hospital da Cruz Vermella	70	69
Policlínico Vigo S.A.	498	377
<b>Total</b>	<b>2.159</b>	<b>2.026</b>

(1) Datos a 31/12/02  
Fonte: Sergas

**Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2001-02**

	2001	2002	02/01 (%)
<b>Doantes de órganos</b>	71	101	42,3
<b>Transplantes de órganos</b>	282	294	4,3
Transplante renal	104	121	16,3
Transplante hepático	107	109	1,9
Transplante cardíaco	39	32	-17,9
Transplante pulmonar	23	22	-4,3
Transplante pancreático	9	10	11,1
<b>Transplantes de tecidos</b>	571	592	3,7
Trans. progenitos hematopoyético	130	142	9,2
Transplante córneas	124	38	-69,4
Transplante oso	290	341	17,6
Transplante vasos sanguíneos	13	22	69,2
Transplante válvulas cardíacas	14	29	107,1
Transplante membrana amn.	-	20	-

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

ladas, mentres que o número de camas funcionantes acadou as 9.155 camas. Os hospitais do Sergas acolleron no ano 2002 un total de 7.643 camas instaladas (o 78,0% do total das camas instaladas), das que 7.129 (o 77,8% das camas funcionantes galegas) eran camas funcionantes.

Respecto á **actividade cirúrxica** nos hospitais do Sergas (**cadro C.4.11. Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2001-02**), no ano 2002, ó igual que no ano anterior, aumenta o número de intervencións realizadas, acadando as 164.864 intervencións (12.782 máis que no ano precedente). Deste total, 130.010 intervencións son intervencións programadas (o 78,9%), mentres que as 34.854 intervencións restantes son intervencións urxentes (21,1%).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 64.184, o 38,9% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 58.990 intervencións (un 35,8%).

O número de pacientes na lista de espera cirúrxica en Galicia ascendeu en Galicia a 28.982 persoas (datos a xuño de 2002), sendo a súa demora media de 85 días. Atendendo ós tramos de espera, cómpre salientar que 17.853 pacientes esperaron menos de 90 días, en tanto que para 9.522 pacientes, a espera foi entre 91 e 180 días, e para 1.607, entre 181 días e un ano.

## Transplantes e doazóns

Respecto ós **transplantes** en Galicia nos anos 2001 e 2002, o **cadro 4.4.9.** amosa unha medra dos mesmos tanto no caso dos transplantes de órganos (un 4,3% máis) como no caso dos tecidos (un 3,7% máis). Entre os transplantes de órganos (294), cómpre salientalo predominio dos transplantes de fígado (109) e ril (121), realizándose 32 de corazón, 22 de pulmón e 10 de páncreas. Entre os transplantes de tecidos (592), os máis importantes corresponden ós de oso, con 341, e os transplantes proxénitos hematopoyéticos, con 142.

En canto ás **doazóns**, no ano 2002 o número de doazóns ascendeu as 101, un 42,3% máis que no ano anterior (30 doazóns máis).

## Prestacións farmacéuticas

O custo da prestación farmacéutica no ano 2002 ascendeu a 714,5 millóns de euros, un 9,6% superior ó rexistrado no ano anterior. Deste custo, a meirande parte corresponde á atención primaria, que ascende a 595,4 millóns de euros (un 9,0% máis que en 2001), e os 119,1 millóns restantes (un 13,0% máis), á atención especializada.

No concernente á prestación farmacéutica no caso da atención primaria o custo da prestación por cidadán foi de 232,62 euros no ano 2002

**CADRO 4.4.10.**
**Custo da prestación farmacéutica 2001-02**

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
<b>Galicia</b>			
Atención primaria (1)	546.341,6	595.423,9	9,0
Atención especializada	105.406,7	119.094,6	13,0
<b>Total</b>	<b>651.748,3</b>	<b>714.518,5</b>	<b>9,6</b>

(1) Inclúe o desconto aplicado segundo o RD 5/2000 do 23 de xuño  
 Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

**CADRO 4.4.11.**
**Custo da prestación farmacéutica en atención primaria 2001-02**

	Gasto			Receitas			Gasto/receitas		
	2001	2002	02/01	2001	2002	02/01	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)			(%)	(en €)		(%)
<b>A Coruña</b>	210.138,8	229.760,8	9,3	16.804.446	17.905.890	6,6	12,50	12,83	2,6
<b>Lugo</b>	89.556,7	95.814,4	7,0	6.822.460	7.109.307	4,2	13,13	13,48	2,7
<b>Ourense</b>	82.209,2	88.901,1	8,1	6.408.565	6.692.212	4,4	12,83	13,28	3,6
<b>Pontevedra</b>	164.436,8	180.947,6	10,0	13.035.999	13.849.189	6,2	12,61	13,07	3,6
<b>Total</b>	<b>546.341,6</b>	<b>595.423,9</b>	<b>9,0</b>	<b>43.071.470</b>	<b>45.556.598</b>	<b>5,8</b>	<b>12,68</b>	<b>13,07</b>	<b>3,0</b>

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

**CADRO 4.4.12.**
**Custo da prestación farmacéutica en atención especializada 2001-02**

	2001	2002	02/01
	(en millóns de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	49,3	52,3	6,1
Pacientes non hospitalizados	56,1	66,8	19,0
<b>Total</b>	<b>105,4</b>	<b>119,1</b>	<b>13,0</b>

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

fronte ós 215,18 euros do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 598,48 euros (**cadro C.4.12. Prestación farmacéutica en atención primaria 2001-02**).

O número de receitas dispensadas ascendeu en 2002 a 45.557 miles de receitas, das que as persoas pensionistas facturaron un total de 33.094 miles de receitas. No ano 2002 medrou o custo medio por receita en Galicia, pasando dos 13,06 euros do ano 2001 ós 13,52 euros do ano 2002.

Atendendo á desagregación do custo do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 4.4.11**. reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 229,8 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 180,9 millóns de euros.

Tendo en conta o número de receitas, o devandito **cadro 4.4.11**. reflicte que o custo da prestación farmacéutica por receita foi de 13,07 euros en Galicia (12,68 euros en 2001). A provincia de Lugo, cun custo de 13,48 euros, foi a que presentou o custo máis elevado, seguíndolle Ourense, con 13,28 euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 13,07 euros, e A Coruña é a que presenta o menor gasto por receita, con 12,83 euros.

Respecto ó custo da **prestación farmacéutica en atención especializada**, dos 119,1 millóns de euros totais, o 56,1% (66,8 millóns de euros) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 43,9% restante, 52,3 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.4.12**.

CADRO 4.4.13.

**Tipos de acollementos 2002**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
<b>Acollementos sen remunerar</b>					
Nº de acollementos	79	6	61	103	249
Nº de menores acollidos	99	7	82	139	327
<b>Acollementos remunerados</b>					
Nº de acollementos remunerados	189	62	71	352	674
Nº de menores acollidos	249	88	103	505	945
<b>Acollementos especiais</b>					
Nº de acollementos remun.	7	16	5	11	39
Portadores de VIH	1	-	-	-	1
Minusvalía física e psíquica	-	-	-	-	-
Minusvalía física	2	2	1	4	9
Minusvalía psíquica	2	3	2	6	13
Nai menor de idade	-	-	-	-	-
Grupo de irmáns	-	4	1	1	6
Minusvalidez sensorial	-	1	-	-	-
Outras	2	6	1	-	9
Nº de menores acollidos	7	24	8	19	58

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

CADRO 4.4.14.

**Datos de adopcións nacionais 2002**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Solicitudes abertas	115	26	35	80	256
Solicitudes arquivadas	71	15	8	69	163
Solicitudes idóneas. Lista de espera	374	149	104	405	1.032
Resolucións de acollemento preadoptivo	35	13	17	30	95
Propostas de adopción realizadas	31	7	8	31	77
Autos de adopción producidos	25	8	9	50	92
Menores en acollemento preadoptivo	60	13	14	59	146

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 19,0%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu crecemento foi do 6,1%.

## Prestacións sociais

O **cadro 4.4.13.** amosa, a modo de resumo, os principais datos do **acollemento familiar** en Galicia. No ano 2002 o número de acollementos ascendeu a 962 (713 son acollementos remunerados) e o número de menores acollidos foi de 1.330, dos que 1.003 menores acollidos o son mediante acollementos remunerados.

O **cadro 4.4.14.** reflicte un resumo dos principais datos estatísticos de **adopción nacional** no ano 2002. Respecto ás solicitudes, o número de solicitudes de adopción nacional abertas ascendeu a 256, sendo o de solicitudes arquivadas de 163, ou o número de “solicitudes idóneas. Lista de espera” de 1.032 solicitudes. O número de

autos de adopcións producidos no ano 2002 ascendeu a 92, dos que 50 en Pontevedra e 25 foron na provincia A Coruña.

No caso dos expedientes de **adopcións internacionais**, o número de expedientes tramitados ascendeu a 184, dos que 51 foron tramitados pola Dirección Xeral de Familia vía o Ministerio de Asuntos Sociais, e 133 vía Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (100 en Galicia e 33 noutras CC.AA.). Por provincias, dos 184 expedientes tramitados, 101 corresponden a A Coruña e 54 a Pontevedra.

Os principais países no caso da tramitación de expedientes de adopción internacional no ano 2002 son Colombia, Rusia e Bulgaria, con 62, 46 e 19 expedientes, respectivamente.

O número de menores de orixe estranxeira asignados ás familias galegas no ano 2002 ascen-



**CADRO 4.4.15.**
**Expedientes tramitados de adopcións internacionais 2002: distribución segundo país de orixe**

Exped. tramitados pola D. X. de Familia vía Ministerio Asuntos Sociais					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Ucráina	4	-	-	1	5
Rusia	8	-	2	1	11
Venezuela	1	-	-	-	1
Panamá	2	-	-	-	2
O Salvador	1	-	1	-	2
Colombia	3	-	-	-	3
México	-	1	-	1	2
Brasil	1	-	-	-	1
China	4	-	-	1	5
Rep. Dominicana	-	-	-	2	2
Costa Rica	-	-	-	1	1
India	1	-	-	-	1
Tailandia	-	-	-	2	2
Etiopía	3	-	-	9	12
O Salvador	1	-	-	-	1
<b>Total</b>	<b>29</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>18</b>	<b>51</b>

  

Exped. tramitados pola D. X. De Familia vía ECAI en Galicia					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Perú	1	-	-	1	2
Ecuador	2	-	1	-	3
Bolivia	4	-	-	1	5
Colombia	31	5	3	20	59
Rusia	14	3	3	6	26
China	1	1	-	3	5
<b>Total</b>	<b>53</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>31</b>	<b>100</b>

  

Exped. tramitados vía ECAI noutras comunidades autónomas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Rusia	2	2	1	4	9
Bulgaria	13	6	-	-	19
Hungría	1	-	-	-	1
Brasil	3	-	-	1	4
<b>Total</b>	<b>19</b>	<b>8</b>	<b>1</b>	<b>5</b>	<b>33</b>

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

**CADRO 4.4.16.**
**Menores de orixe estranxeira asignados ás familias no ano 2002: distribución segundo país de orixe**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
China	12	5	4	3	24
Perú	2	1	-	5	8
Ecuador	1	-	-	2	3
Colombia	22	-	1	2	25
Rusia	10	1	-	3	14
Rumanía	1	-	-	2	3
Bulgaria	6	3	-	-	9
Etiopía	-	-	-	4	4
O Salvador	2	-	-	-	2
<b>Total</b>	<b>56</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>21</b>	<b>92</b>

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

deu a 92 (56 deles na provincia de A Coruña), dos que 25 provén de Colombia, 24 de China, e 14 de Rusia. ■

